

IES AS TELLEIRAS – PRESENTACIÓN DA MATERIA / MÓDULO

Materia / Módulo	EDUCACIÓN FÍSICA	Curso / Ciclo	2 ESO
Profesor/a	ÁNGELES ÁLVAREZ ROBLES		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª AV	<ul style="list-style-type: none">• Condición Física: resistencia, forza, velocidade e flexibilidade.• Atletismo: carreiras, saltos e lanzamentos.
2ª AV	<ul style="list-style-type: none">• Voleibol.• Habilidades ximnásticas.
3ª AV	<ul style="list-style-type: none">• Bádminton.• Expresión corporal: mimo e danzas do mundo.

MATERIAIS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de calificación:

Actitude	20 %		
Conceptos e Procedementos	80 %	Probos escritas: exames teóricos	30 %
		Probos prácticas	50 %

Procedementos de Avaliación:

- Primeira avaliación:
 - Condición Física: Tests de condición física, puntuarase segundo o baremo.
 - Atletismo: lanzamento de balón medicinal e xavelina, velocidade e salto. Puntuarase segundo o baremo.
- Segunda avaliación:
 - Deportes: Voleibol: Farase unha proba que consistirá na execución dunha serie de xestos técnicos.
 - Habilidades Ximnásticas: A proba a realizar consistirá en habilidades ximnásticas que impliquen volteos e equilibrios.
- Terceira avaliación:
 - Deportes: Bádminton. . Farase unha proba que consistirá na execución dunha serie de exercicios técnicos..
 - Expresión corporal: representación mediante mimo dunha escena preparada na clase. Execución dunha (ou varias) danzas do mundo.

Ademais da parte práctica, os alumnos farán un parte teórica relacionada cos temas da parte práctica (Condición Física e Deportes).

Para aprobar a asignatura, é necesario conseguir, como mínimo en dous dos apartados que se ditan a continuación, a puntuación seguinte: 1,2 ptos. en conceptos, 2 ptos. en procedementos e 1 pto en actitude.

Farase un exame de recuperación se o alumno suspende a avaliación (o exame teórico pesará o 40% e o práctico o 60%).

Os alumnos que teñan aprobadas todas as avaliacións estarán exentos da avaliación final. Aqueles que teñan nota media inferior a cinco farán exame final dos contidos conceptuais e procedimentais esixidos no seu nivel. Puntuarase igual que o exame de recuperación. En setembro, examinarase da mesma maneira.

Os alumnos exentos (mediante a certificación médica actualizada) terán que facer a proba teórica. Os contidos procedementais serán substituídos por un traballo escrito que consistirá en tomar nota de todo o feito polos seus compañeiros nas clases e entregalo semanalmente ao profesor.